

CIRCULAR

Licenzas federativas, cartóns e datos

1.- A licenza federativa e, polo tanto o seu seguro de accidentes, ademais dos adestramentos, soamente é válida, en competición ou calquera outra actividade, para:

- A. As competicións que figuran no calendario da FGX
- B. As competicións que figuran no calendario de calquera outra federación doutra CCAA
- C. As competicións que figuran no calendario da RFEG
- D. As competicións que figuran no calendario de calquera federación do outros países ás que puideran asistir.
- E. Actividades de tecnificación e/ou formación organizadas por a FGX, calquera federación doutra CCAA, ou RFEG

2.- O cartón da licenza federativas e os datos que nel figuran poderase ceder:

- A. Aos titulares maiores de idade ou aos titores legais, no caso de menores.
- B. Aos organizadores de competicións oficializadas, que deberán custodialos e remitilos a FGX, segundo determinan os regulamentos federativos
- C. A calquera federación doutra CCAA, si os solicitase, nas actividades/eventos do seu calendario oficial.
- D. A calquera outra federación de calquera outro país, no que puidese participar, dentro do seu calendario oficial.
- E. A calquera federación doutra CCAA ou RFEG nas súas actividades de tecnificación e/ou formación

Calquera outro uso distinto, do referido anteriormente nos puntos 1 e 2, da licenza federativa ou os seus datos, poderá ter as consecuencias que veñan dadas nas normas actuais de protección de datos, dos estatutos, regulamentos federativos e demais lexislación vixente autonómica e nacional.